



CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

TABOLEIRO DE ANUNCIOS

Pola presente dáse publicidade do Decreto núm. 457/2025 de día 28.07.2025 no que se convoca a sesión ordinaria do Pleno do Concello.

<<Descrición decreto: EXPEDIENTE DECRETO DE CONVOCATORIA DA SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DE DÍA 31 DE XULLO DE 2025

EXPEDIENTE Nº 2025/G010/000010

DON BERNARDO FERNÁNDEZ PIÑEIRO ALCALDE PRESIDENTE DO CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA).

En uso das atribucións que me confiren os artigos 21.1 c) da Lei 7/85, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, o artigo 80 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, e o artigo 61.1.c da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración local de Galicia, e tendo en conta a relación de expedientes concluídos redactada pola secretaria da Corporación o día 28.07.2025, conforme ao establecido nos artigos 81.1a) e 177.2 do Real Decreto 2568/86, do 28 de novembro, e o artigo 3.2 do Real Decreto 128/2018, de 16 de marzo, **RESOLVO**:

PRIMEIRO. - Convocar a todas as persoas membro do Pleno da Corporación á **Sesión ordinaria** que terá lugar no Salón de Sesións da Casa Consistorial, o próximo **xoves día 31.07.2025 ás 12:00 horas** en primeira convocatoria e, no caso de que non existira o quórum preceptivo na primeira convocatoria e segundo o disposto no artigo 90 Real Decreto 2568/1986, entenderase convocada a sesión automaticamente a mesma hora dous días despois.

SEGUNDO. - Fixar para a devandita sesión a seguinte **ORDE DO DÍA**:

- 1 LECTURA E APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO BORRADOR DA ACTA DE SESIÓN ANTERIOR. SESIÓN ORDINARIA DE PLENO DE DÍA 26-06-2025.**
- 2 DETERMINACIÓN DAS FESTAS LOCAIS NO CONCELLO DE PONTEDEUME PARA O ANO 2026**
- 3 APROBACIÓN INICIAL DA MODIFICACIÓN N.º 2 DO PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL DO CONCELLO DE PONTEDEUME RELATIVO ÁS DETERMINACIÓNS NORMATIVAS EN SOLO DE NÚCLEO RURAL**
- 4 MODIFICACIÓN Nº 2 DO REGULAMENTO DO MERCADO MUNICIPAL DE PONTEDEUME.**
- 5 PARTICIPACIÓN NO PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL (PLAN ÚNICO DE CONCELLOS) POS+ ADICIONAL 2/2025. 2ª FASE DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA.**





CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

- 6 MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG. DEFENSA DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR.
- 7 DAR CONTA DO INFORME DE INTERVENCIÓN 185/2025 DE MOROSIDADE E PERÍODO MEDIO DE PAGAMENTO CORRESPONDENTE AO SEGUNDO TRIMESTRE 2025
- 8 DAR CONTA DO INFORME DA INTERVENCIÓN MUNICIPIAL 200/2025 DE REMISIÓN DE INFORMACIÓN TRIMESTRAL AO MINISTERIO DE HACIENDA (EXECUCIÓN DO 2º TRIMESTRE DE 2025).
- 9 ASUNTOS DE URXENCIA.
- 10 ACTIVIDADE DE CONTROL DE PLENO: MOCIÓN URXENTES.
- 11 ACTIVIDADE DE CONTROL DE PLENO: DAR CONTA RESOLUCIÓN ALCALDÍA PRESIDENCIA.
- 12 ACTIVIDADE DE CONTROL DE PLENO: ROGOS E PREGUNTAS.

TERCEIRO.- Que a presente sexa notificada en tempo e forma a todas as persoas que deben de asistir ao Pleno, así como á secretaria xeral e á interventora municipal, e publicar no taboleiro de anuncios do concello e no portal de transparencia do Concello. (www.pontedeume.gal)

CUARTO.- Dar conta ao Pleno da corporación na seguinte sesión que se celebre en cumprimento do establecido no artigo 42 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, por lo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais.

En Pontedeume, asinado dixitalmente na data que figura na marxe polo Sr. Alcalde D. Bernardo Fernández Piñeiro, do que eu, D^a Ana Ramos Ramos como secretaria municipal, dou fe. (Asinado aos efectos exclusivamente do artigo 3.2 do Real decreto 128/2018, de 16 de marzo e o artigo 2.1 do Decreto 24/2018, do 15 de febreiro)>>.

En Pontedeume, asinado dixitalmente na na data que figura na marxe pola persoa funcionaria tramitadora así como pola Secretaria Xeral do concello de Pontedeume Dona Ana Ramos Ramos. (Asinado aos efectos do artigo 3.2 do RD 128/2018 de 16 de marzo e o artigo 2.1 do decreto 24/2018 do 15 de febreiro).

